

ANUNCIO

PRAZAS OFERTADAS NOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN CURSO 2024/2025

Pola Alcaldía deste Concello, con data 26/03/2024, ditouse o decreto con número 933/2024 que copiado é do teor seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: Prazas ofertadas dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025

Expediente: 5435/2024

Antecedentes:

1.- O artigo 22 do Texto Refundido do Regulamento da rede municipal de comedores escolares, Bos Días Cole e Tardes Divertidas do concello de Ames (BOP núm. 133, de 13 de xullo de 2023), indica que: *"o número de prazas dispoñibles nos servizos se fará público ao inicio de cada curso escolar. Decidirase por Decreto da Alcaldía en función da demanda do servizo e da capacidade. Este decreto especificará o número de prazas reservadas para usuarios/as fixos/as e usuarios/as por quenda, e o número de prazas de emerxencia social que poidan xurdir ao longo do curso. De ser o caso, en función da capacidade e dispoñibilidade de cada comedor poderán acoller usuarios/as ocasionais (bonos) os días non utilizados polos usuarios/as fixos con frecuencias inferiores a cinco (5) días á semana."*

Unha vez adxudicadas as prazas correspondentes ás renovacións, as prazas vacantes serán asignadas ás/aos solicitantes de novo ingreso.

No caso de que o número de solicitudes supere a capacidade da oferta farase unha selección e terán prioridade as familias empadroadas no Concello de Ames, así como aquelas familias que teñan necesidade de conciliar a vida laboral e familiar e aquelas con necesidades sociais e económicas.

2.- O 01/03/2024 iniciouse, como tódolos anos, o prazo de inscrición/renovación das prazas dos servizos complementarios para o vindeiro curso 2024/2025. Dito prazo estará aberto ata o día 01/04/2024.

Todas as solicitudes presentadas fora deste período, entenderanse como solicitudes presentadas fóra de prazo.

2.- Independentemente que, tal e como establece o Regulamento dos servizos complementarios de educación, ao inicio do curso se publique un decreto co número total de prazas dispoñibles en función da demanda do servizo e da capacidade, tamén resulta necesario establecer, co obxecto de que os demandantes destes servizos, tanto os que xa están facendo uso deles neste curso 2023/2024 como os que o fagan por primeira vez para o curso 2024/2025, o número de prazas de renovación, o número de prazas de nova inscrición, o número de prazas de emerxencia social, cando vai a ter lugar a publicación das listas provisionais e definitivas de admitidos e excluídos nos servizos, así como as datas na que se formalizará a matrícula de todos aqueles que fixeron unha prescrición e foron admitidos nos servizos.

3.- O 26/03/2024, a técnica de educación emitiu un informe proposta no que propón:

– O número de prazas de renovación previstas para o curso 2024/2025 tendo en conta os matriculados durante o período de renovación nos servizos complementarios de educación, exceptuando aos que están en 6º de primaria e que por conseguinte xa, na súa gran maioría, deixaran de ser alumnado dos centros educativos de infantil e primaria do Concello no curso 2024/2025.

– O número de prazas vacantes de prescrición e emerxencia social da rede municipal de comedores para o curso 2024/2025. Para a fixación deste número tívose en conta a cláusula primeira do convenio asinado o 30/09/2021 entre o Concello de Ames e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a xestión do

servizo de comedor escolar en sete centros educativos do Concello e a súa addenda de 05/09/2023, na que o número máximo de usuarios/as autorizados previstos é de 1550, polo que só se estaría en disposición de ofertar 228 prazas de nova inscrición xa que 1322 prazas están reservadas para renovacións.

- O número de prazas vacantes de prescrición e emerxencia social nos servizos complementarios de Bos Días e Tardes Divertidas, que virá fixada polo número de horas asignadas no contrato de monitoraxe para estes servizos.
- A aprobación do lugar e datas de publicación das listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos de renovacións, preinscricións e matriculas dos servizos complementarios de educación.
- A necesidade de proceder á baremación de todas as prazas de nova inscrición e a confección das correspondentes listas de agarda segundo o establecido no baremo ao que fai referencia o Anexo III do Regulamento.
- A fixación do número de usuarios ocasionais, desde o inicio do curso escolar e en calquera dos tres servizos complementarios, en función do número de días libres que deixen os usuarios fixos con frecuencias inferiores a 5 días a semana.

A vista de todo o anterior, tendo en conta o informe proposta emitido pola técnica de educación e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Que todas as solicitudes presentadas fora do período de renovación/prescrición, que estivo aberto entre o 01/03/2024 e o 01/04/2024, serán consideradas solicitudes presentadas fóra de prazo, aplicándose o estipulado para estes casos no Texto Refundido do Regulamento da rede municipal de comedores escolares, Bos Días Cole e Tardes Divertidas do concello de Ames

2.- Aprobar o seguinte número de **prazas de renovacións dos servizos complementarios para o curso 2024/2025:**

SERVIZO DE COMEDOR	
CENTRO EDUCATIVO	RENOVACIÓNS CURSO 2024/2025
EEl Milladoiro	106
CEP Ventín	436
CEIP Agro do Muíño	345
CEIP Maía	306
CEIP Barouta	111
Escola unitaria de Covas	8
Escola unitaria de Igrexa	10
TOTAL	1322

SERVIZO DE BOS DÍAS	
CENTRO EDUCATIVO	RENOVACIÓNS CURSO 2024/2025
EEl Milladoiro	36
CEP Ventín	119

CEIP Agro do Muíño	137
CEIP Maía	75
CEIP Barouta	27
Escola unitaria de Covas	3
Escola unitaria de Igrexa	2
TOTAL	399

SERVIZO DE TARDES DIVERTIDAS	
CENTRO EDUCATIVO	RENOVACIÓNS CURSO 2024/2025
EEl Milladoiro	26
CEP Ventín	68
CEIP Agro do Muíño	29
CEIP Maía	57
CEIP Barouta	3
TOTAL	183

3.- Aprobar o seguinte número de prazas vacantes de preinscricións e emerxencia social dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025.

SERVIZO DE COMEDOR			
CENTRO EDUCATIVO	Prazas de nova inscrición curso 2024/2025	prazas reservadas a emerxencias sociais curso 2024/2025	TOTAL
EEl Milladoiro	35	10	45
CEP Ventín	25	20	45
CEIP Agro do Muíño	40	10	50
CEIP Maía	40	10	50
CEIP Barouta	16	10	26
Escola unitaria de Covas	6	1	7
Escola unitaria de Igrexa	4	1	5
TOTAL			228

SERVIZO DE BOS DÍAS			
CENTRO EDUCATIVO	Prazas de nova inscrición curso 2024/2025	prazas reservadas a emerxencias sociais curso 2024/2025	TOTAL

EI Milladoiro	20	4	24
CEP Ventín	12	4	16
CEIP Agro do Muíño	9	4	13
CEIP Maía	14	4	18
CEIP Barouta	5	1	6
Escola unitaria de Covas	11	1	12
Escola unitaria de Igrexa	12	1	13
TOTAL			104

SERVIZO DE TARDES DIVERTIDAS			
CENTRO EDUCATIVO	Prazas de nova inscrición curso 2024/2025	prazas reservadas a emerxencias sociais curso 2024/2025	TOTAL
EI Milladoiro	30	4	34
CEP Ventín	18	4	22
CEIP Agro do Muíño	12	4	16
CEIP Maía	14	4	18
CEIP Barouta	10	2	12
TOTAL			102

4.- Aprobar o lugar e as datas de publicación das listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos de renovacións, preinscricións e matriculas dos servizos complementarios de educación, que quedarán do seguinte xeito:

As listas provisionais de inscricións e renovacións publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames, na páxina web municipal e na páxina "www.conciliames.gal".

As **listas provisionais de admitidos e excluídos de novas inscricións** publicaranse dentro da segunda quincena de maio e daranse 10 días hábiles para a presentación das reclamacións. As **listas definitivas** de admitidos e excluídos serán publicadas na primeira semana de xuño, e nelas indicarase quen está admitido/a no servizo e o prazo para formalizar a matrícula.

O prazo de matrícula para os/as novos/as usuarios/as estea aberto entre o 20 e o 1 de xullo de 2024, ámbolos dos días inclusive.

As **listas provisionais de admitidos e excluídos matriculados** nos servizos publicaranse dentro da primeira quincena de xullo, dando un prazo de 10 días hábiles para a subsanación. A **lista definitiva** publicarase na segunda quincena de xullo de 2024.

As **listas provisionais de admitidos e excluídos, no caso das renovacións**, publicaranse dentro da segunda quincena de xuño, dando un prazo de 10 días hábiles para a subsanación. As **listas definitivas** de admitidos e excluídos publicaranse dentro da segunda quincena de xullo.

5.- Aprobar que se leve a cabo a baremación de todas as prazas de nova inscrición e a confección das correspondentes listas de agarda segundo o establecido no baremo ao que fai referencia o Anexo III do

Regulamento.

6.- Fixar o número de usuarios ocasionais, desde o inicio do curso escolar e en calquera dos tres servizos complementarios de educación, en función do número de días libres que deixen os usuarios fixos con frecuencias inferiores a 5 días a semana. "

O alcalde

José Blas García Piñeiro

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
26/03/2024 0FDZCS378C7B20429886CEED08905C886F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2E159645AA9FCEE4699